

María Montserrat Castro Poceiro



Fai algún tempo que se escoita falar dun bo fertilizante agrícola chamado *compost*. Aínda que en realidade moitos de nós descoñecemos de que se trata realmente, polo que a quí

explicarase de modo sinxelo que é o *compost*, como se fai e como poderíamos cada un de nós, elaborar un *compostador* de uso doméstico.

Dun xeito sinxelo poderíase dicir que o *compost* fórmase por un proceso chamado *compostaxe* no que a materia orgánica (follas, ramas, herbas, froitas...), en condicións aeróbicas, é dicir, en presenza de osíxeno, é atacada por unha serie de microorganismos (fungos e bacterias) descompoñéndose e fermentando para dar logo un material semellante á terra mais con grande cantidade de nutrientes, o que fai moi útil o seu emprego como fertilizante agrícola.

Cando a unha terra de cultivo se lle engade un fertilizante tal como o *compost* obtéllense unha serie de melloras que fan que aumente a porosidade, facilitando a súa aireación e aumentando a infiltración e a permeabilidade da terra, co que se consegue reter unha maior cantidade de auga. Así mesmo hai un aumento de micronutrientes e macronutrientes (nitróxeno, fósforo, potasio, xofre...) necesarios para o cultivo. Enriquecéndose o solo con enzimas e bacterias que permiten que os nutrientes sexan inmediatamente asimilados polas raíces do céspede, das prantas, das

árbores... Obsérvase ademais unha mellora da actividade biolóxica do solo, actuando como soporte e alimento de microorganismos o que fai que mellore a fertilidade da terra.

## Que podemos usar para elaborar compost ?

Calquera fonte de materia orgánica será útil. Poderemos engadir ó noso composteiro: Restos vexetais que poden ser follas (non en exceso pois algunhas poden tardar de seis meses a dous anos en descompoñerse), froitos, restos de céspede ou herba, os restos da poda dos froitais (sendo conveniente que estes estean ben troceadiños, pois do contrario tardarían moito tempo en descompoñerse)

Restos orgánicos que se obteñen como desperdicio na cociña ou no fogar: mondas da froita, sobras de legumes, espiñas do peixe (aconsellable en pequenas cantidades debido a que poden dar mal olor), pousos do café, cascas de ovos, papel de cociña, tapóns de corcho, etc. Poderíase engadir tamén papel de periódico pero en pequenas cantidades debido a que a tinta coa que se imprimen, que non é moi aconsellable, e aínda menos a de publicacións en cores.

Esterco dos animais: ben pode ser de vaca, galiña, cabalo, ovella...

## Que non debemos usar?

É importante que non engadamos materia que non sexa orgánica ou biodegradable como poden ser vidrios ou plásticos. Tampouco restos de serraduras ou cinzas de madeiras tratadas con vernices ou colas pois isto sería altamente tóxico. En xeral deberanse evitar todo tipo de produtos nocivos para o medio ambiente.

## Cómo facer o noso compostador?

No mellor dos casos pode mercarse un *compostador* prefabricado (plástico, madeira...)

aínda que o máis común é facer un de xeito artesanal e poñelo nunha esquina do xardín directamente sobre a terra e preferiblemente á sombra pois do contrario teríase que regar máis a miúdo para manter as condicións de humidade necesarias. Pola contra en lugares con clima frío e húmido deberíase situar ó sol e ó acubillo do vento.

O caso máis sinxelo é facer directamente un montón cos restos de materia orgánica. O primeiro que hai que facer e misturar ben os materiais. No caso de que sexan moi grandes convén trocealos ou trituralos, xa que canto maiores sexan os restos orgánicos, máis lenta será a formación do *compost*. A primeira capa, a que se sitúa directamente sobre o solo, estará formada pola materia máis grosa como ramas troceadas ou restos de piñas e cun grosor entre 20-30 cm. Por riba desta irán as sucesivas capas dos restos orgánicos ben misturados. Sería aconsellable engadir en capas alternativas algo de esterco ou *compost* xa feito para activar así a fermentación e a actuación dos microorganismos encargados da descomposición.

Unha vez preparado o montón regarase sen chegar a empapar, pois o ideal sería unha humidade entre o 40 e o 60%. A parte disto, cada certo tempo haberá que airear o montón de *compost*. O xeito máis sinxelo será removelos ou voltealos para garantir que haxa osíxeno e de que se manteña unha temperatura uniforme e constante. Cómpre manter unha temperatura entre 40-60°C para eliminar os xermes.

Un modelo máis aconsellable sería facer nos mesmos un "recipiente" onde ir almacenando os restos de materia orgánica. Indicamos aquí un moi sinxelo de facer.

Collemos unha rella de arame cunha altura de 1,5m aproximadamente e dámoslle forma de cilindro. Por dentro recubrímolos de plástico negro suxeitando as paredes da rede metálica para evitar

que se mova ou que se rompa a medida que imos engadindo os restos orgánicos. A



tapa pode ser de calquera material sendo importante que recubra toda a parte superior do cilindro para evitar a entrada da auga da chuvia. Para facelo máis práctico podemos facer unha pequena apertura na parte inferior do cilindro para que sirva de porta e nos facilite a retirada do *compost* xa feito. O resto das condicións serán as mesmas que no caso anterior. Deberase voltear os restos vexetais para unha boa aireación e regarase mantendo as condicións de humidade axeitadas. Aqueles máis mañosos e traballadores poderán facer o compostador de madeira. Facendo un caixón igualmente de 1,50 metros de altura aproximadamente e incorporando unha tapa e unha pequena portiña na parte inferior.

De cando en vez sería aconsellable vixiar o estado do *compost*. Podemos coller un puñado e fixarnos en detalles tales como: que non escurra auga, pois un exceso de humidade fará que se pudra. Si é así engadimos máis materia seca. Pode darse o caso de que se desfaga demasiado ou que estea moi seco solucionando isto ó engadir algo de auga. No caso de notarse un mal cheiro (como olor a podre) deberase engadir materia seca e remover, pois o cheiro indica un exceso de humidade e falta de osíxeno.

Mantendo estas condicións o *compost* estará listo en 3 ou 4 meses en primavera e 6 en inverno. Cando estea listo ou seu aspecto será semellante á terra e de cor entre negro e marrón. Non deberá ter ningún mal olor e estará frío debido a ausencia de actividade microbiana.